

O Programa de Actividades Lúdico-deportivas en Periodos non Lectivos dará comezo o vindeiro día **1 de setembro e ata o día 9**, con horario de 8:00 h a 16:00 h.

As persoas que necesiten beneficiarse deste programa, e non inscribiran os nenos/as o pasado mes de xuño, poden facelo no departamento de Servizos Sociais do concello antes do día 1 de setembro.

A documentación a entregar será:

- **Declaración xurada** (no caso de traballadores por conta propia)
- **Certificado da empresa na que traballa ou copia do contrato de cada un dos pais** (no caso de traballadores por conta allea)

A partir do día **10 de setembro**, data de inicio das clases, ponse en marcha o **Programa Inglés para todos (Acollida Temperá)**. O horario será o mesmo de anos anteriores:

- de 8:00 h a 8:45 h e de 13:45 h a 16:00 h. nos meses de setembro e xuño
- de 8:00 h a 9:30 h e de 16:00 h a 18:00 h de outubro a maio.

Para máis información e inscricións, convócase a todos os pais/nais ou titores interesados a unha **reunión o día 2 de setembro as 20:00 h.**

